



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Descrición Decreto: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DURANTE O ESTADO DE ALARMA

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto o RD Real decreto 463/2020, publicado no BOE nº 67 de 14.03.2020, polo que se declara en España o estado de alarma *con el fin de afrontar la situación de emergencia sanitaria provocada por el coronavirus COVID-19*, entre as que se atopan, entre outras, diversas limitacións á libre circulación de persoas e a suspensión de términos interrupción de prazos administrativos e xudiciais.

Visto que dende o concello de Arzúa, ante esta nova situación, faise preciso adoptar medidas adicionais ás previstas polo Alcalde en decreto de data 13/03/2020 que contribúan á contención da enfermidade garantindo o mesmo tempo o mantemento da prestación dos servizos esenciais.

Considerando que somos a administración máis próxima o cidadán e debemos manter una atención telefónica continuada para dar resposta a situación de necesidade que poidan xurdir ós nosos vecinos.

Vistas as competencias da Alcaldía-Presidencia recollidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, relativas á dirección da política, o goberno e a administración municipal, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO .- Decrétase, dende o 16 de marzo de 2020, e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno da Nación, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais.

A atención ó público será exclusivamente telefónica en tódolos departamentos dependentes do Concello, agás aqueles servizos que se declaren esenciais no punto segundo deste acordo (que se rexirán polo disposto no mesmo).

SEGUNDO.- Declarar como servizos públicos municipais esenciais os seguintes:

- 1) Oficinas de rexistro do concello.
- 2) Servizos sociais.
- 3) Brigada municipal de obras e servizos e limpeza municipal.
- 4) Seguridade e emerxencias (policía local e emerxencia social)

A atención nestes servizos esenciais serán unicamente telefónica e telemática. Únicamente por razón de urxencia admitirase a atención presencial, que deberá estar debidamente motivada e levarase a cabo previa cita. Os teléfonos e correos electrónicos de contacto aos que poderá dirixirse a cidadanía publicaranse na web municipal (www.concellodearzua.com).

Este persoal deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixan porque así o determinen as xefaturas de cada servizo ou concelleiro/a responsable.

De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 463/2020, de declaración do estado de alarma, o persoal do corpo de policía municipal queda baixo as ordes directa do Ministro do Interior os efectos do referido Real decreto.

TERCEIRO.- Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial, debendo estar en todo momento localizables e dispoñibles dentro da súa xornada laboral ordinaria . A tales efectos a administraron facilitará formulas de teletraballo ou de traballo a distancia e ditará a correspondente circular coas pautas de traballo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

CUARTO.- Lembrar a toda a cidadanía a posibilidade de tramitación telemática da totalidade dos procedementos municipais a través da sede electrónica <https://sede.concellodearzua.com>.

QUINTO .- Suspendense os términos e interrompense os prazos para a tramitación dos procedementos. O cómputo dos prazos reanudanse no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

SEXTO.- Dar publicidade deste decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

O Alcalde - Presidente

Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)